

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 25/09/2019 14:25:35

SAIDA

10405/19

[REDACTED]
[REDACTED]
[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº RSCTG 093/2019

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 20 de Xuño de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 20 de xuño de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo, da súa solicitude ao Concello da Estrada de información sobre si está prevista algunha acción ou actuación, no presente ou no futuro, orientada á conservación e/ou posta en valor do patrimonio histórico coñecido como a Torre de Guimarei e si existe ou está prevista algunha medida de protección encamiñada a protexer o devandito conxunto histórico do vandalismo, espolio ou destrución

O escrito viña acompañado de copia dunha solicitude de acceso á información que carece de data e de xustificación de ter sido presentada nalgún dos rexistros establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e copia do seu DNI.

Segundo. Con data 24 de xuño de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Estrada para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 9 de xullo de 2019.

Terceiro. Con data 2 de setembro de 2019, o Concello da Estrada contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que revisado o Rexistro de Entrada do Concello da Estrada, non existe ningunha solicitude presentada por parte de [REDACTED], como consta no informe do Funcionario encargo do Rexistro Xeral da data 22 de agosto de 2019 do que remite copia. Informa ademais que a Torre de Guimarei é un monumento declarado Ben de Interese Cultural pola Xunta de Galicia, pero de titularidade privada.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa

No presente caso o Concello informa que revisado o rexistro de entrada da entidade, non consta ningunha solicitude presentada por ██████████, ao que acompaña informe do funcionario encargado do rexistro no que fai constar que revisado o rexistro de entrada dende o mes de maio de 2017 ata o 22 de agosto de 2019, salvo erro ou omisión, non consta presentada solicitude algunha a nome do reclamante.

O reclamante, acompaña ao seu escrito de reclamación ante a Comisión de Transparencia de Galicia unha copia simple dunha solicitude dirixida ao Concello da Estrada, que carece de data e de constancia de ter sido presentada en algún dos lugares establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para a presentación de escritos e solicitudes, polo que non se pode senón concluir que non queda acreditado que o reclamante presentara a solicitude ante o concello.

De acordo co anterior, ao non estar acreditada a presentación dunha solicitude de acceso á información pública ante o Concello da Estrada, non procede a admisión da reclamación presentada polo Sr. Amoedo contra a súa desestimación por silencio administrativo.


En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por ██████████ con data 20 de xuño de 2019, ao non acreditarse a existencia de solicitude de acceso á información ante o Concello da Estrada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.

tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Análise do expediente

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra as resolucións expresas ou presuntas en materia de acceso á información pública poderá interporse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, que terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos, así como un carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa. O procedemento para a tramitación da reclamación será o establecido nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que a tramitación da reclamación se axustará ao establecido en materia de recursos pola normativa de procedemento administrativo vixente.